



Feminismo é revolución.

Terra viva | Pobos libres | Vidas dignas

O 8 de marzo é o Día Internacional das Mulleres Traballadoras, unha data nacida da loita e da organización das mulleres contra a explotación e a desigualdade. Desde as mobilizacións das traballadoras que en 1917 iniciaron unha vaga revolucionaria até as múltiples loitas das mulleres en todo o mundo, o 8M consolidouse como un día de mobilización feminista internacional.

Tamén na Galiza temos unha longa tradición de loita das mulleres: das revoltas populares ás loitas laborais, das mobilizacións pola defensa do territorio ás que hoxe reclaman dereitos e vidas dignas. Saímos ás rúas para continuar esa historia de resistencia e para afirmar que o feminismo é unha forza transformadora capaz de cambiar o mundo.

Partimos dunha idea clara: non haberá emancipación das mulleres sen transformar o sistema político, económico e social que organiza o mundo. A pobreza, a violencia e a desigualdade forman parte do capitalismo, do imperialismo e do patriarcado. Hoxe vivimos unha crise profunda deste sistema, que se expresa en guerras, militarización, crise ecolóxica e aumento das desigualdades. Mentres medra o gasto militar e se reforza o control das fronteiras, redúcense dereitos sociais e servizos públicos. As consecuencias recaen especialmente sobre as mulleres, que sofren con máis intensidade a precariedade, a pobreza e as violencias, ao tempo que sosteñen as comunidades e os coidados.

Galiza forma parte deste sistema nunha posición periférica e dependente. O noso territorio convértese nun espazo de extracción de recursos e exportación de enerxía mentres as decisións se toman fóra. Este modelo baséase no extractivismo, na precarización e na deslocalización, e limita as posibilidades dunha vida digna. As mulleres sufrimos especialmente esta realidade: concentradas en sectores máis precarizados e sobrecargadas polo traballo de coidados nun contexto de falta de servizos públicos.

Este 8 de marzo alzamos a voz como mulleres migradas. Miles de nós sostemos o sistema de coidados neste país. Facémolo moitas veces en condicións de gran precariedade: xornadas

interminábeis, salarios baixos e poucos descansos. As traballadoras internas viven sen límites claros entre traballo e vida.

A irregularidade administrativa aumenta a vulnerabilidade. O fogar pódese converter nun espazo de explotación e silencio. Esta realidade non é illada, responde a desigualdades estruturales. Exiximos regularización, dereitos laborais e protección real. Porque a dignidade e a vida libre de violencia non se negocian.

A crise do custo da vida evidencia estas contradicións. A vivenda inaccesible, a enerxía cara e os alimentos encarecidos golpean con máis forza á clase traballadora e, dentro dela, ás mulleres, que seguimos asumindo maioritariamente o sostemento dos fogares e das redes comunitarias. O capitalismo sostense sobre a división sexual do traballo e sobre a invisibilización dos coidados.

Defender unha terra viva é defender a vida. Galiza sofre un modelo extractivista que converte o territorio nun espazo de negocio para multinacionais e grandes capitais, destruindo ecosistemas, economías locais e redes comunitarias. Desde o feminismo defendemos os bens comúns e a soberanía alimentar, porque sen territorio non hai futuro.

Ao mesmo tempo asistimos ao avance do fascismo e dos discursos de odio que atacan dereitos das mulleres, das persoas migrantes e das disidencias. Fronte a isto defendemos un feminismo de clase, antirracista e internacionalista que entende que a emancipación das mulleres está ligada á liberdade dos pobos e ao dereito a decidir sobre o territorio, a lingua e o modelo de vida.

Queremos vidas dignas. Iso significa garantir traballo digno, vivenda accesible, servizos públicos universais e un sistema público e comunitario de coidados. Os coidados non poden seguir recaendo sobre as mulleres como responsabilidade privada: son un dereito colectivo e unha base fundamental da economía que sostén a vida.

Falamos de revolución porque o feminismo cuestiona as raíces dun sistema que destrúe a vida. Fronte ao militarismo, ao extractivismo e ao fascismo, defendemos solidariedade entre pobos, bens comúns, corpos libres e unha novo sistema que poña os coidados e a vida no centro.

Desde Galiza construímos un feminismo popular, de clase, internacionalista e galego que entende que sen transformación real non hai igualdade.

Porque o feminismo é revolución.

Seguiremos en marcha até que todas sexamos libres.